Concello de Muros

Curro da Praza, 1
15250 Muros, A Coruña
981 826 050
correo@muros.gal
muros.gal

ACTA NÚM. 5 DA SESIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDADE DE DÚAS PRAZAS DE LIMPEZA VIARIA (GRUPO V), INCLUÍDAS NA OPE 2024 (*Resolución de Alcaldía núm. 383/2026, do 27 de abril)*

Na Casa do Concello, o día 13 de novembro 2026, ás 9:30 horas, reúnese o tribunal, rematando a sesión ás 10:00 horas,

PERSOAS ASISTENTES

Presidencia: José Manuel Mayo Priegue

Secretaría: Graciela Castro Alvela

Vogalías: Joaquín José Barreiros Pais; Dominga Fernández Lado e Francisco Abelardo Lestón Lago

ORDE DO DÍA

Resolución da reclamación presentada, rectificación da puntuación total da fase de concurso, aprobación definitiva das cualificacións e formulación da proposta de contratación.

ACORDOS:

PRIMEIRO. Vista a reclamación presentada pola aspirante Ángela María Fernández Crespo, con data do 5 de novembro de 2026, en relación coa valoración dos méritos formativos recollida na Acta núm. 4 do 2 de novembro de 2026, o Tribunal procede á revisión da documentación achegada pola interesada. Comprobado que a aspirante presentou dentro do prazo establecido a documentación acreditativa dos cursos de formación relacionados coas funcións da praza convocada e das accións formativas de carácter transversal previstas nas bases da convocatoria, e que estes méritos non foron obxecto de valoración na cualificación provisional, o Tribunal considera procedente estimar a reclamación, ao cumprir os criterios establecidos nas bases reguladoras do proceso selectivo.

En consecuencia, o Tribunal acorda estimar a reclamación presentada por Ángela María Fernández Crespo e efectuar unha nova valoración dos méritos formativos achegados, outorgándolle 5,00 puntos neste apartado, en substitución dos 0,00 puntos inicialmente asignados.

SEGUNDO. Así mesmo, detectado un erro na suma das puntuacións correspondentes aos méritos acreditados polas persoas aspirantes, o Tribunal acorda rectificar as puntuacións totais da fase de concurso, que quedan establecidas do seguinte xeito:

NOME E APELIDOS	DNI	EXP. PROF. (MÁX. 35)	FORMACIÓN (MÁX. 5)	TOTAL (MÁX. 40)
Fernández Crespo, Ángela María	***8373**	35,00	5,00	40,00
Lado Fernández, Brais	***3214**	0,00	0,00	0,00
Lado Nine, Begoña	***8757**	11,20	5,00	16,20
Lado Santiago, Lucrecia	***4572**	18,00	5,00	23,00
Lestón Lestón, Dolores	***8583**	1,46	0,60	2,06
Lestón Lestón, María Natalia	***7670**	7,84	5,00	12,84
Pais Fernández, Dolores Eva	***9443**	10,10	5,00	15,10

TERCEIRO. Acórdase aprobar definitivamente as cualificacións do proceso selectivo, resultantes da suma das puntuacións obtidas nas fases de oposición e concurso, unha vez incorporadas as rectificacións anteriores, establecéndose a seguinte orde de prelación:

CVD: /E8ZxpaI2dwJDTQSkYwC Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

Concello de Muros

Curro da Praza, 1
15250 Muros, A Coruña
981 826 050
correo@muros.gal
muros.gal

NOME E APELIDOS	DNI	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	EXP. PROFESIONAL	FORMACIÓN	TOTAL
Fernández Crespo, Ángela María	***8373**	28,75	30,00	35,00	5,00	98,75
Lado Fernández, Brais	***4572**	28,75	30,00	18,00	5,00	81,75
Lado Nine, Begoña	***9443**	27,75	28,00	10,10	5,00	70,85
Lado Santiago, Lucrecia	***8757**	24,75	24,00	11,20	5,00	64,95
Lestón Lestón, Dolores	***7670**	27,75	20,00	7,84	5,00	60,59
Lestón Lestón, María Natalia	***8583**	24,75	20,00	1,46	0,60	46,81
Pais Fernández, Dolores Eva	***3214**	21,50	18,05	0,00	0,00	39,55

CUARTO. De conformidade co disposto na base 9.4 da convocatoria, o Tribunal acorda facer pública a relación de persoas aspirantes coas cualificacións definitivas no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Muros e formular proposta de contratación a favor das dúas seguintes persoas que obtiveron a maior puntuación no proceso selectivo:

NOME E APELIDOS	DNI	PUNTUACIÓN
Fernández Crespo, Ángela María	***8373**	98,75
Lado Santiago, Lucrecia	***4572**	81,75

QUINTO. Así mesmo, consonte o disposto na base 11 da convocatoria, o Tribunal acorda establecer a seguinte relación complementaria de persoas aspirantes, por orde decrecente de puntuación, para os efectos de posibilitar a cobertura das prazas no caso de que algunha das persoas propostas non presente a documentación exixida, non acredite o cumprimento dos requisitos establecidos ou non chegue a formalizarse a súa contratación:

NOME E APELIDOS	DNI	PUNTUACIÓN
Pais Fernández, Dolores Eva	***9443**	70,85
Lado Nine, Begoña	***8757**	64,95
Lestón Lestón, María Natalia	***7670**	60,59
Lestón Lestón, Dolores	***8583**	46,81
Lado Fernández, Brais	***3214**	39,55

SEXTO. Advertir ás persoas propostas para a contratación de que deberán presentar, no prazo de 20 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación desta proposta, a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos na base 11, agás que xa conste nos expedientes municipais. Unha vez acreditado o cumprimento dos requisitos exixidos, procederase ao nomeamento como persoal laboral fixo e á formalización da correspondente contratación no prazo máximo dun mes, contado desde o día seguinte ao da notificación do nomeamento no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña*, de conformidade coas bases 11 e 12 da convocatoria.

SÉTIMO. O Tribunal acorda publicar a proposta de contratación e a relación complementaria no taboleiro de anuncios, concedendo un prazo de 5 días para a presentación de reclamacións, de conformidade co establecido na base 9.4 da convocatoria. Transcorrido o prazo indicado e resoltas, se é o caso, as reclamacións, elevarase a proposta correspondente á Alcaldía para continuar coa tramitación.

Muros, 13 de novembro de 2026.

A secretaria

O presidente

CVD: /E8ZxpaI2dwJDTQSkYwC Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/